MANIFESTO PARA O DÍA MUNDIAL DA SÍNDROME DE DOWN
21 DE MARZO DE 2024

Hoxe queremos falar da nosa vida:

Moita xente di que non podemos facer as cousas por nós mesmas.

Pero só é un cromosoma máis no par 21.

Gustaríanos vivir en parella e facer plans con ela.

Ou tamén vivir soas, sen parella.

Temos dereito a ser máis independentes e a decidir sobre o noso futuro.

Tamén nos gustaría ir a discotecas cos nosos amigos e amigas,

pero moitas veces é complicado acceder ao ocio.

Son as nosas caras.

Din que somos todas iguais, pero non.

O mundo non é accesible para nós.

A xente trátanos coma se fósemos pequenas,

pero somos persoas adultas.

Somos responsables.

Podemos ir no autobús aos sitios,

pero moitas persoas non o entenden.

Ás veces non se fían de nós por ser diferentes ao resto

ou non teñen en conta a nosa opinión.

Non nos gusta que nos traten mal por ter síndrome de Down.

Temos os mesmos dereitos,

pero non as mesmas oportunidades.

Queremos que as persoas que se dedican á política falen sobre isto:

Existimos.

Hai discapacidade intelectual e síndrome de Down.

Que fagan medidas para que poidamos acceder á educación, ao emprego

e a ter unha vida mellor.

E vixiar que se cumpran.